

2020 MEMORIA DE ACTIVIDADES

DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

2020 MEMORIA DE ACTIVIDADES

DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Edita:

Consello Galego de Relacións Laborais

Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981 541 601

Tel.: 981 541 610

E-mail: info.cgri@xunta.es


Santiago de Compostela

Realiza: Difux

ISSN: 2386-9186 (edición electrónica)

Esta memoria pode consultarse tamén no sitio web do Consello: <https://www.cgri.gal>

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	9
PLENOS E PERMANENTES EN 2020	17
EMISIÓN DE DITAMES	23
FOMENTO E PROMOCIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA	27
SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLITOS: XESTIÓN DO AGA	33
A PROMOCIÓN DO DEBATE SOCIAL	43
ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DIFUSIÓN DO LABOR DO CGRL	55
ORZAMENTO DO CONSELLO	59



O Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza ordinaria o 17 de febreiro de 2021, aprobou, por unanimidade, a Memoria de actividades correspondente ao exercicio 2020.

Esta publicación recolle integramente o texto da dita memoria.

Marisa Peña Cebreiro

Secretaría xeral



LIMIAR





O Consello Galego de Relacións Laborais é o foro de encontro das organizacións sindicais e empresariais máis representativas na nosa Comunidade Autónoma. O seu obxectivo é conseguir para Galicia unhas relacións laborais modernizadas que permitan avanzar nos retos que se presentan e facilitar os acordos en materia laboral.

Pero en 2020 un virus denominado SARS-Cov-2 orixinou unha pandemia que provocou en todo o mundo unha crise sanitaria e tamén económica e social que está a ter un enorme impacto nas persoas traballadoras e nas empresas e que acelerou os cambios no mercado laboral. Probablemente o máis determinante que aprendimos do coronavirus é a necesidade de abrir a mente. Algo que xa sabiamos, pero que agora se fixo indispensable.

En tempos de crise, como este que nos toca vivir, contamos con dúas ferramentas clave que poden axudar a mitigar os danos e a restablecer a confianza da cidadanía. En primeiro lugar, o diálogo social activo entre persoas traballadoras, empregadoras e os seus representantes, que é vital para fomentar a confianza e o apoio ás medidas necesarias para superar esta crise; en segundo lugar, as normas internacionais de traballo.

Dende o Consello Galego de Relacións Laborais traballamos para que o difícil fose posible. Adaptámonos ás novas esixencias. De feito, cando no mes de marzo o mundo parou, nós seguimos a avanzar, organizamos todas as xuntanzas non presenciais a través de videoconferencias e podemos dicir con orgullo que neste ano 2020 transformamos o Consello nunha nova era na que nos preparamos para realizar mediacións telemáticas, con máis de 30 mediadoras e mediadores formados e cun itinerario curricular de 100 horas, pioneiro en España. Isto permitiunos seguir a xestionar a solución extraxudicial dos conflitos de traballo.

Tamén consideramos necesario continuar coa nosa contribución á formación técnica e á especialización dos cadros das organizacións sindicais e empresariais galegas, tanto no que se refire ás técnicas avanzadas para unha mellor negociación colectiva -coa novidade este ano de capacitalos para a negociación laboral online-, como en referencia a outros temas que as propias organizacións demandan.

Finalmente, é en 2020 cando as medidas aprobadas no ano 2019 pero que surtirán efectos a partir de xaneiro se unen a outras que veñen impostas por directivas europeas, e a un terceiro bloque de medidas contidas na incesante e gran profusión normativa orixinada coa finalidade de paliar os efectos derivados do COVID-19, polo que o Consello acorda a realización de diferentes seminarios web para analizar moitas cuestións de actualidade laboral en colaboración, como se fai sempre, coas tres universidades galegas e co Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, con moito éxito e participación.



*Marisa Peña Cebreiro,
Secretaria xeral do
Consello, en funcións de
Presidenta en 2020*

Agradézoilles ás persoas das organizacións sindicais e empresarial que fan parte dos órganos colexiados do Consello todo o seu traballo para mellorar as cousas, para saír adiante, para avanzar nas relacións laborais a pesar da difícil situación que nos tocou vivir coa chegada desta pandemia provocada pola Covid-19.

E grazas tamén ao esforzo das persoas que traballan neste organismo, funcionarias e funcionarios da Xunta de Galicia, que contribuíron a facer do Consello o que é hoxe.

Porque dende o Consello agora máis que nunca todas e todos camiñamos xuntos cara a un novo presente.

Santiago, xaneiro de 2021

Marisa Peña Cebreiro

*Secretaria xeral do
Consello Galego de Relacións Laborais*

A continuación figura a ligazón para acceder ao vídeo de despedida de Marisa Peña Cebreiro como presidenta en funcións do Consello Galego de Relacións Laborais durante 2020 e como secretaria xeral do organismo desde case dúas décadas.

<https://www.cgri.gal/wp-content/uploads/2021/02/DespedidaMarisaPenaCebreiro.webm>

E esta é a ligazón ao vídeo do repaso en imaxes das actividades do Consello en 2020.

<https://www.cgri.gal/wp-content/uploads/2021/02/2020ConselloGalegoRRLL.webm>

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

- Regulación e natureza xurídica
- Competencias
- Composición
- Estrutura e funcionamento
- Persoal do Consello



REGULACIÓN E NATUREZA XURÍDICA

O Consello Galego de Relacións Laborais foi creado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, e a súa primeira reunión realizouse en febreiro de 1989, en Santiago de Compostela, onde continúa a ter a súa sede.

Na actualidade, está regulado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, publicada no DOG do 11 de xullo, que, en resposta ás demandas das entidades recoñecidas como interlocutoras sociais, modificou a súa natureza, dotándoo de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para acadar os seus fins. O seu regulamento interno de organización e funcionamento aprobouse pola Resolución da Presidencia do Consello do 23 de outubro de 2008, publicada no DOG do 13 de novembro de 2008.

O Consello é un ente público de composición bipartita, único foro propio de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais en Galicia, e o órgano consultivo e asesor da Xunta en materia laboral. Así mesmo, xoga un papel fundamental na promoción da negociación colectiva en todos os ámbitos e sectores, e na solución dos conflitos colectivos, tanto directamente, como na xestión e divulgación do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).

A neutralidade e independencia inherentes á súa natureza e ás súas funcións reflíctense incluso na necesaria conformidade das organizacións sindicais e empresariais que integran o Pleno para o nomeamento de altos cargos do organismo.

O Consello está adscrito organicamente á consellería competente en materia de traballo, na actualidade a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

COMPETENCIAS

As competencias do Consello veñen reguladas no artigo 3 da súa lei reguladora e no artigo 10 do seu regulamento interno. Abranguen catro áreas principais:

- Consultiva: Emisión de ditames en relación a calquera proxecto normativo da Xunta de Galicia en materia laboral.
- Fomento, promoción e ampliación da negociación colectiva galega: O Consello é a sede da maioría das comisións paritarias dos convenios colectivos autonómicos e ten unha intervención activa na negociación colectiva neste ámbito.

- Xestión do sistema autónomo galego de solución de conflitos laborais: Tramitación e promoción dos procedementos de mediación e arbitraje regulados no AGA.
- Promoción do debate social:
 - Formación e divulgación de materias relacionadas co eido laboral, a través da realización anual e periódica de xornadas abertas ao público nas principais cidades galegas, así como cursos e seminarios para cadros sindicais e empresariais.
 - Edición de publicacións en materia laboral, de carácter regular (Revista Galega de Dereito Social, Boletíns sobre a situación da negociación colectiva galega, Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia...) ou derivadas do traballo dos distintos órganos colexiados do Consello (estudos, guías de boas prácticas...).

COMPOSICIÓN

Segundo a súa normativa reguladora, o Consello está integrado pola presidencia, a secretaría xeral e catorce conselleiras e conselleiros, en representación das organizacións sindicais e empresariais que teñan a condición de máis representativas en Galicia.

En 2020, a composición do Consello foi a seguinte:

Presidenta: Verónica Martínez Barbero, ata o 24 de xaneiro, en que foi cesada, por petición propia, mediante Decreto 6/2020, do 23 de xaneiro (DOG do 24/2/2020). As funcións da presidencia foron asumidas pola secretaria xeral do Consello, Marisa Peña Cebreiro, que segue en funcións ata o nomeamento dun novo presidente ou presidenta, conforme ao disposto no artigo 10.3.h) da lei reguladora do organismo.

Secretaría xeral: Marisa Peña Cebreiro, que –ademais de desempeñar as funcións da presidencia, continuou a traballar como secretaria xeral, agás nas xuntanzas dos órganos colexiados do Consello, nas que era substituída polas persoas funcionarias do Consello que exercen a xefatura do servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios (Carmen Cabanas Carlán), a xefatura do servizo de Solución de Conflitos (Celso Araujo Castro) e a xefa da sección xurídica (Silvia García Roca).

Conselleiras e conselleiros:

Pola Confederación Intersindical Galega (CIG):

Titulares:

Miguel Anxo Malvido Cabirto
Lucía Freire Ces
Francisco Xavier González Sio

Suplentes:

Margarida Corral Sánchez
Susana Méndez Rodríguez
Antonio Mera de la Fuente

Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia):

Titulares:

Beatriz Meilán del Río
José Carlos Rodríguez del Río

Suplentes:

Víctor Fernández Prieto
Josefina Martínez Bao

*Polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia
(SN de CCOO):*

Titulares:

Maica Bouza Seoane
Xesús Castro Baamonde

Suplentes:

José Plácido Cazón Lamas
José Hurtado Amador

Pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG):

Titulares:

Luis Lamas Novo
Javier Martínez López

Jaime Pereira Novoa
José Antonio Romarís Ferreiro
Javier Touza Touza
Ramón Franco Caaveiro
Carlos Oliete Fernández

Suplentes:

Marta Amate López
Marina Graña Bermúdez
Guadalupe Hervera Iglesias
Álvaro Hinrichs Álvarez
José Manuel Maceira Blanco
José Antonio Neira Cortés
María José de Miguel Pérez

ESTRUTURA ORGÁNICA E FUNCIONAMENTO

De acordo coa normativa reguladora o Consello, para o exercicio das súas funcións, actúa a través dos seguintes órganos:

1) Órganos de goberno

- Órganos unipersoais
 - A Presidencia
 - A Secretaría Xeral
- Órganos colexiados
 - O Pleno
 - A Comisión Permanente

2) Outros órganos colexiados

- O Observatorio Galego da Negociación Colectiva
- O Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames
- A Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva
- As comisións de traballo que acorde crear o Pleno

PERSOAL DO CONSELLO

De acordo co artigo 14 da súa lei reguladora, o persoal ao servizo do Consello poderá ser funcionario ou laboral, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo, e rexerase pola normativa da Comunidade autónoma en materia de persoal ao servizo da Administración pública. Actualmente, o persoal do Consello é exclusivamente persoal funcionario.

A unidade administrativa é a Secretaría Xeral, que agrupa as seguintes áreas:

1. Área Xurídica e de Solución de Conflitos. Ten asignada como funcións principais a de apoio á secretaria xeral na análise da normativa estatal e autonómica que incida nas funcións do Consello e na elaboración de informes sobre proxectos normativos sometidos a ditame, así como a de xestionar a tramitación dos expedientes de mediación e arbitraje que se inicien ao abeiro do AGA.
2. Área de Negociación Colectiva. Ten encomendada a xestión do programa informático Necol e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, a elaboración periódica dos distintos informes demandados sobre a negociación colectiva en Galicia, e as funcións relacionadas coa promoción e fomento da negociación colectiva (apoio ás comisións paritarias e negociadoras de distintos ámbitos e sectores).
3. Área de Estudos, Informes e Publicacións. Asume as funcións de elaboración e coordinación dos estudos e informes que se realizan a iniciativa propia, das publicacións periódicas que edita o Consello e as funcións de xestión da súa páxina web.
4. Área de Xestión de Persoal, Administración e Xestión Económica. Ten encomendada a xestión de persoal, a administración do organismo e a contratación e servizos de mantemento, así como o seguimento e control do orzamento do Consello e a xestión económica e contable. Así mesmo, é a encargada da organización de cursos, seminarios e encontros de debate social.
5. Área de Documentación e Arquivo. Xestiona a documentación técnica, as bases de datos documentais e o arquivo documental e fondo bibliográfico do Consello.


PLENOS E PERMANENTES EN 2020



O PLENO

O Pleno constitúe o máximo órgano de decisión do organismo e ten as funcións especificadas no artigo 3 da súa lei reguladora. O seu funcionamento vén recollido no artigo 7 da lei e nos artigos 10 e 11 do regulamento interno de funcionamento do Consello.

En 2020 realizáronse seis plenos, un extraordinario (presencial) e catro ordinarios (todos eles de xeito telemático) nos que se adoptaron as decisións necesarias para o normal funcionamento do Consello:



Xuntanza do Pleno, 04.06.2020

EXTRAORDINARIO: 15 DE XANEIRO DE 2020 (1/2020)

- O obxecto deste Pleno é para comunicar o próximo nomeamento da presidenta do Consello como directora xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Economía Social do goberno de España. As funcións da presidencia quedan asumidas, desde ese momento, pola secretaria xeral do organismo.

ORDINARIO: 4 DE XUÑO DE 2020 (2/2020)

- Aprobación da acta 4/19 e 1/20.
- Aprobación da Memoria de actividades 2019.

- Aprobación das indemnizacións ás organizacións pola súa participación na actividade do organismo en 2020.
- Aprobación do programa ordinario de actividades para 2020.
- Dar conta ao Pleno dos acordos da Comisión paritaria do AGA tras a publicación no DOG o 12/02/2020 do novo texto do Acordo.
- Aprobación das contías das mediacións e arbitrxes que se exercen ao abeiro do AGA e da contía do informe que, de ser o caso, se recabe das persoas expertas da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva.

ORDINARIO: 10 DE XULLO DE 2020 (3/2020)

- Aprobación da acta 2/20.
- Aprobación da memoria e das contas anuais do CGRL correspondentes a 2019.
- Aprobación das actuacións formativas para as persoas mediadoras que integrarán o rexistro de actuantes do AGA.

ORDINARIO: 30 DE XULLO DE 2020 (4/2020)

- Aprobación da acta 3/20.
- Aprobación da proposta para a elaboración do anteproxecto de orzamento do CGRL para o exercicio 2021.

ORDINARIO: 28 DE SETEMBRO DE 2020 (5/2020)

- Aprobación da acta 4/20.
- Aprobación do anteproxecto de orzamento para o exercicio 2021.

ORDINARIO: 18 DE DECEMBRO DE 2020 (6/2020)

- Aprobación da acta 5/20.
- Balance de actuacións desenvolvidas no CGRL en 2020.

- Proxectos a poñer en marcha en 2021.
- Necesidade de cubrir a Presidencia do Consello, vacante desde xaneiro.

A COMISIÓN PERMANENTE

A Comisión Permanente é o órgano de xestión e dirección operativa do Consello. Está integrada por seis representantes do Pleno -tres polas organizacións empresariais e tres polas organizacións sindicais máis- as persoas titulares da Presidencia e da Secretaría Xeral do Consello.

Este órgano reúnese de modo ordinario unha vez ao mes, e de modo extraordinario cantas veces sexa convocado ao efecto pola presidencia do Consello, por iniciativa propia ou por petición da maioría absoluta das persoas membros da representación empresarial ou sindical.

As súas competencias están reguladas no artigo 8 da Lei reguladora do Consello e no artigo 12 do regulamento interno: confeccionar a orde do día das xuntanzas plenarias, elaborar estudos sobre propostas de creación de comisións de traballo, elaborar o orzamento correspondente para cada exercicio, emitir informe para a extensión dos convenios colectivos nos termos establecidos no artigo 7 do RD 718/2005 e pechar a proposta de planificación de actividades do Consello, entre outras.

Durante o ano 2020, a Comisión Permanente reuniuse de modo ordinario en 12 ocasións. Ao longo destas xuntanzas, e dentro do global de funcións deste órgano, aprobáronse, entre outros temas, as actividades a levar a cabo polo organismo en relación coa planificación aprobada polo Pleno.



Xuntanza da Comisión Permanente do Consello Galego de Relacións Laborais

*Presidenta: Marisa Peña
CEG: José Manuel Maceira
CIG: Miguel Anxo Malvido
UGT-Galicia: José Carlos Rodríguez del Río
SN de CCOO de Galicia: Xesús Castro*

EMISIÓN DE DITAMES



O artigo 3.2b) da súa lei reguladora establece como unha das funcións do Consello a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da Comunidade autónoma en materia laboral.

Para o cumprimento desta función creouse en 1991 o Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, composto polas persoas titulares da presidencia e secretaría do Consello (ou quen as substitúa) e por seis membros do Pleno, tres en representación das organizacións sindicais e tres en representación das organizacións empresariais.

A nova normativa reguladora configura este comité como un órgano colexiado, que garante a eficacia e axilidade na emisión de ditames. O seu funcionamento segue as normas previstas no anexo ao regulamento interno de organización e funcionamento do organismo.

Cada ano, a área xurídica do Consello realiza ademais un seguimento dos informes motivados remitidos pola Consellería, nos que se dá conta das consideracións manifestadas polas organizacións sindicais e empresarial recollidas no ditame que serán tidas en conta e introducidas no texto definitivo do proxecto normativo, así como daquelas que non son aceptadas.

No que respecta ao ano 2020, emitíronse un total de 35 ditames a outros tantos proxectos normativos en materia laboral, nos que se conteñen as consideracións unánimes manifestadas polas organizacións sindicais e empresarial que integran o Comité, xunto ás consideracións non unánimes que figurán en anexos.



Xuntanza do Comité de ditames

FOMENTO E PROMOCIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

- Actividade da área de negociación colectiva
- Participación do Consello na negociación colectiva
- Órganos da negociación colectiva

ACTIVIDADE DA ÁREA DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Conforme o mandato da lei reguladora, o Consello Galego de Relacións Laborais centrou unha gran parte da súa actividade na análise dos convenios colectivos vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área de estudos de negociación colectiva do Consello realizou ao longo de todo o ano un seguimento puntual dos convenios asinados e revisados en 2020 que tiveron efectos económicos nese ano. Ademais atendéronse solicitudes de información e múltiples consultas que en materia de negociación colectiva se dirixen ao Consello, por correo electrónico ou telefonicamente, e continuouse co tratamento en profundidade da base de datos de convenios colectivos.

Ao longo do ano elaboráronse informes puntuais para informar ao Pleno, á Comisión Permanente e ao Observatorio da negociación colectiva.

No ámbito da ultraactividade dos convenios colectivos, o Consello fixo un completo seguimento dos convenios colectivos con vixencia rematada e facilitou datos e información en todas as variables vinculadas coa ultraactividade. Toda canta información saíu sobre esta materia partiu dos datos do Consello, ben tratados e ben enfocados de momento en canto a pactos en contra e interpretación da norma.

Explotáronse os datos das inaplicacións rexistradas de convenios colectivos por sectores, por convenio do que se desvinculan, por tamaño das empresas, por composición da mesa negociadora etc., que se recolleron nunha serie de informes entregados ao longo de 2020 ás organizacións que forman parte do Consello.

PARTICIPACIÓN DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

MESAS NEGOCIADORAS E COMISIÓNS PARITARIAS

O artigo 3.2.c) da Lei 5/2008, do 12 de xullo, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, establece como funcións deste, entre outras, a de fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

O Consello, consciente da necesidade de impulsar a negociación colectiva e, moi especialmente, en sectores desregularizados ou convenios bloqueados durante un longo período previo, potenciou, asesorou, prestou asistencia técnica e asumiu funcións de conciliación e mediación en cantas comisións negociadoras o solicitaron. Por outra banda, coñecedor da operatividade das comisións paritarias en calquera das súas múltiples vertentes e manifestacións (negociais ou

estritamente aplicativas), colaborou activamente, exercendo un asesoramento proactivo, no desenvolvemento da función máis relevante do ente paritario: a súa labor compoñedora dos conflitos xurdidos a propósito da interpretación e aplicación dos convenios.

Así, contaron coa asistencia da presidenta en funcións do Consello e/ou do responsable do Servizo de Solución de Conflitos un total de 28 xuntanzas das mesas negociadoras de 9 convenios sectoriais de ámbito provincial e autonómico, así como 8 xuntanzas de comisións paritarias que teñen a súa sede no Consello. Houbo tamén unha xuntanza do Comité de seguridade e saúde laboral de actores e actrices de teatro, outra das asociacións empresariais do sector de pompas fúnebres, e unha terceira do comité de empresa de Navantia . Deste xeito, tiveron lugar un total de 39 xuntanzas.

Entre os resultados máis sobranceiros destas actuacións compresinalar a sinatura dos convenios colectivos dos seguintes sectores: eventos e producións culturais; empresas de xogo de bingo; e instalacións deportivas.

ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

OBSERVATORIO GALEGO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao Consello no punto c) do artigo 3º da súa lei reguladora, créase dentro do organigrama do Consello o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, que se configura como un órgano de carácter colexiado.

Estará integrado por seis membros, tres en representación das organizacións sindicais e tres en representación das organizacións empresariais que integran o Pleno do Consello, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral, e poderá contar coa presenza de persoas expertas sen dereito a voto, así como cun asesor/a por cada organización sindical e tres pola parte empresarial.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto.

En 2020 este órgano colexiado reuniuse en seis ocasións. Entre outros asuntos, aprobouse a recomendación sobre a negociación colectiva para 2020 e a recomendación en relación co rexistro da xornada, que poden consultarse no sitio web do Consello:

<https://www.cgri.gal/convenios/clausulas-tipo-e-recomendacions/>

COMISIÓN CONSULTIVA AUTONÓMICA PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA (CCAINC)

Foi creada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Actualmente, a súa regulación figura no Título III, capítulo V (artigos 78 a 84) do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Esta norma define a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva como un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega, adscrito organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Entre as súas competencias está a de asesorar sobre a redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade ou removan discriminacións, a análise dos convenios para detectar cláusulas discriminatorias, a organización de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas e a organizacións empresariais e sindicais, así como a elaboración de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada entre mulleres e homes.

Esta comisión consta dunha presidencia, que é ocupada por quen exerza a do Consello, tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas e tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas. Poden asistir tamén tres persoas de recoñecido prestixio en materia de igualdade por razón de xénero, que participarán con voz, pero sen voto.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto.

Debido a situación excepcional de pandemia, a CCAINC reuniuse nunha soa ocasión para aprobar a realización dun webinar sobre “A nova normativa en materia de igualdade: o RD 901/2020 e o RD 902/2020”, que se levou a cabo o 15 de decembro.

COMISIÓN TRIPARTITA GALEGA PARA A INAPLICACIÓN DE CONVENIOS COLECTIVOS

A Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos creouse por Decreto 101/2015, do 18 de xuño (DOG do 22 de xullo) no que tamén se regula a súa composición, funcións e funcionamento, en desenvolvemento do establecido no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores.

A comisión é un órgano colexiado e está integrada por representantes da Administración pública autonómica e das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia.

Esta adscrita á consellería competente en materia de traballo, a través da dirección xeral con competencias en materia de convenios colectivos, quen achegará o apoio administrativo e material necesario, exerce as súas competencias con independencia e autonomía funcional propias e ten a súa sede no Consello Galego de Relacións Laborais.

Ao longo de 2020 non se realizaron xuntanzas desta Comisión.

SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLICTOS: XESTIÓN DO AGA





CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS



AGA

Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos
Extraxudiciais de Solución de Conflitos do Traballo

SERVIZO DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS



Algalia de abaixo, 24
15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 601 / 981 957 019
F. 981 541 610
soluciondeconflitos.cgrl@xunta.gal
www.cgrl.gal



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

QUE É O AGA?

O Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) é un acordo estipulado ao abeiro do artigo 83.3 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, de eficacia xeral, asinado en 1992 polas organizacións sindicais e empresariais máis representativas na nosa Comunidade autónoma (UGT-Galicia, CIG, S.N. de CCOO de Galicia e CEG). Foi o primeiro acordo asinado en Galicia e o terceiro acordo destas características asinado a nivel estatal.

En 2013, tras vinte anos de funcionamento cun balance moi positivo, os interlocutores sociais e empresariais consideraron oportuno adaptar o acordo ás reformas da lexislación laboral, respectando sempre o principio de voluntariedade que o caracteriza.

En data 28 de novembro de 2019 asinouse un novo acordo que, entre outras novidades, inclúe a xestión dos procedementos de solución de conflitos individuais de traballo, aínda que a súa implantación realizárase de xeito paulatino e gradual. Este novo AGA destaca nos seus contidos pola importancia que lle concede á igualdade entre mulleres e homes, e destaca tamén polos seus ámbitos, xa que é o primeiro e único acordo autónomo que regula e crea procedementos intraxudiciais de solución de conflitos a través da mediación. O texto do novo acordo publicouse no DOG de data 12 de febreiro de 2020.

Tras case 30 anos en funcionamento, hoxe podemos dicir que o AGA forma parte da nosa realidade laboral e concíbese como un instrumento útil, como un servizo de interese xeral e relevancia pública baseado nos principios de eficacia, gratuidade e celeridade e como unha alternativa á vía xudicial, máis próxima e máis satisfactoria para as persoas traballadoras e para as empresas. É a ferramenta imprescindible para avanzar na modernización e mellora das relacións laborais en Galicia.

PARA QUE SIRVE O AGA?

O AGA posibilita a procura de solucións aos conflitos colectivos de traballo de interpretación e aplicación, así como de intereses, calquera que sexa o sector ou subsector de actividade sempre e cando o ámbito territorial no cal estes conflitos produzan os seus efectos non exceda o da Comunidade autónoma galega.

De xeito específico cómpre destacar os seguintes:

- Conflitos colectivos xurídicos sobre interpretación e aplicación dunha norma legal ou convencional ou práctica de empresa.

- Conflitos relacionados coa negociación colectiva (discrepancias ou bloqueos na negociación ou revisión dun convenio, ou nas comisións paritarias).
- Procesos de negociación substitutorios de períodos de consulta previstos legalmente.
- Conflitos na determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga.
- Conflitos derivados de bloqueos ou discrepancias na negociación dos Plans de Igualdade.

Coa entrada en vigor do novo texto do Acordo, xestionaranse ao abeiro do AGA os procedementos de solución extraxudicial de conflitos laborais individuais que se produzan no seu ámbito territorial e funcional, particularmente os seguintes:

- Conflitos que se refiran á materia de discriminación directa ou indirecta por mor de xénero, raza ou etnia, relixión ou conviccións, diversidade funcional, idade ou orientación sexual no ámbito do emprego e da ocupación.
- Conflitos relativos a situacións de acoso no ámbito laboral.
- Conflitos que afecten á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Conflitos referidos ás vacacións.
- Conflitos derivados da decisión empresarial de adoptar unha medida de mobilidade xeográfica ou de modificación das condicións de traballo que non teña carácter colectivo.
- As sancións impostas á persoa traballadora como resultado do exercicio da potestade disciplinaria recoñecida ás empresas, agás a de despedimento.
- En xeral, aqueloutros conflitos individuais nos que non é obrigado acudir á conciliación previa no SMAC.

QUE PROCEDEMENTOS SE OFRECEN?

- Conciliación-mediación: Procedemento no que as partes en conflito, de xeito voluntario, promoven unha negociación sobre a cuestión controvertida na procura dunha solución pactada, coa axuda e intervención dunha ou dúas persoas con funcións de mediación.

- Arbitraje: As partes en conflito acordan voluntariamente someter a cuestión obxecto de discrepancia á decisión dunha terceira persoa imparcial, que a resolverá mediante laudo arbitral.
- Arbitraje obligatoria en caso de determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga: As partes, rematado un proceso de negociación ou mediación sen acadar acordo nesta materia, deben someter obrigatoriamente a discrepancia a unha persoa que determinará os servizos de mantemento e seguridade durante a folga mediante laudo arbitral.

POR QUE ACUDIR AO AGA?

- Os acordos acadados e os laudos arbitrais ditados ao abeiro do AGA teñen valor de convenio colectivo e forza executiva.
- As partes sempre son escoitadas, garantíndose en todo momento o principio de contradición, o que se acredita no elevado grao de satisfacción dos usuarios do servizo.
- As persoas mediadoras e árbitras distínguense pola súa acreditada experiencia, profesionalidade e formación no eido das relacións laborais, desenvolvendo a súa actividade con absoluta imparcialidade.
- O servizo é totalmente gratuíto para as partes.
- Os prazos de tramitación dos procedementos destacan pola súa brevidade.
- Os procedementos tramitados ao abeiro do AGA acadaron, dende os seus inicios, unha porcentaxe de acordos que ronda o 80%.

ACTIVIDADE DO AGA EN 2020

No ano 2020 tramitáronse no servizo de Solución de Conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais un total de 81 expedientes. De entre os 40 expedientes que non foron rexeitados pola contraparte afectada, un 75% remataron con acordo entre as partes ou con laudo arbitral, afectando os acordos acadados a un total de 551 empresas e 20.730 persoas traballadoras.

Rematado o mes de xaneiro de 2021, nove expedientes presentados en 2020 seguían en tramitación.

Primeira mediación telemática



Primeira mediación telemática

Ante a situación de emerxencia sanitaria derivada da COVID-19, o Consello Galego de Relacións Laborais xestionou o 26 de maio a súa primeira mediación laboral dun conflito colectivo ao abeiro do AGA a través dunha plataforma telemática, abrindo deste xeito unha nova etapa para o organismo e para o seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos de traballo (AGA).

Nesta primeira mediación telemática acompañaron á mediadora Teresa Díaz López, a secretaria xeral do Consello, Marisa Peña Cebreiro e o xefe do Servizo de Xestión de Convenios, Celso Araújo Castro, que lle prestaron o apoio técnico necesario.

Dende esta primeira experiencia foron moitas xa as mediacións que incorporaron as ferramentas telemáticas aos procesos negociais, sempre na medida en que as partes en conflito o acorden expresamente e dispoñan do equipamento necesario.

O Consello tivo que, primeiro, suprimir e, despois, restrinxir a actividade presencial, polo que ofrecía en todo momento a posibilidade da mediación e a arbitrase de xeito telemático.

Como consecuencia de todo iso, tivemos que deseñar unha estratexia para ofrecer unha alternativa ao funcionamento tradicional: un procedemento de funcionamento “en línea”. Este procedemento está baseado na utilización de videoconferencias para facer as mediacións e as arbitaxes nos conflitos que se xeneran entre as empresas e os traballadores e traballadoras.

A primeira intervención será coa presenza na pantalla de todas as persoas que interveñen e servirá para coñecer os puntos de vista das partes sobre o conflito plantexado e as posibilidades de chegar a un acordo.

A partir dese momento caben reunións por separado, habilitando desde la plataforma telemática as salas necesarias que garantizan a confidencialidade da mediación. Hábilitanse unha sala para cada unha das partes e unha sala para as persoas que exercen a mediación.

Os sistemas de solución extraxudicial de conflitos por vía telemática teñen xunto ás súas vantaxes algúns inconvenientes, como o que é a falta dese contacto persoal que na solución dun conflito é tan importante e claramente tamén algunhas vantaxes, entre outras moitas, como son a de evitar o contacto e, polo tanto, os contaxios, a redución da mobilidade e, polo tanto, a afectación ao ambiente.

Formación habilitante

A Comisión Paritaria do AGA acorda na súa xuntanza do 5 de marzo comezar a formación específica que habilita para exercer a mediación laboral, que deberá proporcionar ás persoas actúantes coñecementos e habilidades suficientes para o seu exercicio profesional e comprenderá, como mínimo, coñecementos sobre o marco xurídico, os procedementos regulados no AGA e as súas especificidades, así como técnicas de comunicación, negociación e resolución de conflitos (expresión oral, comunicación verbal e non verbal), sen esquecer os aspectos psicolóxicos dos procesos, necesarios para traballar cos sentimentos e as emocións das partes en conflito.

As persoas mediadoras do AGA terán que acreditar 100 horas de formación na materia. Esta formación –que se poderá adquirir nun ou varios cursos- desenvolverase tanto a nivel teórico como práctico, correspondendo a este último, ao menos, un 35%. As prácticas incluírán exercicios e simulación de casos e, de modo preferente, a participación en mediacións reais xunto a outras persoas xa mediadoras en conflitos laborais ao abeiro do AGA.

Esta formación coincide coa esixida polo Consello Xeral do Poder Xudicial para poder exercer a mediación intraxudicial e comprende 35 horas de formación práctica e 65 teóricas, segundo os requisitos establecidos no convenio asinado polo Consello Galego de Relacións Laborais co citado organismo e fixados polo Real Decreto 980/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

Esta formación habilitante intégrase polos seguintes cursos, segundo se trate de novas persoas mediadoras ou de persoas que xa exercen a mediación ao abeiro do AGA:



Membros da Comisión Paritaria do AGA

A) FORMACIÓN DE NOVAS PERSOAS MEDIADORAS DO AGA: 100 HORAS

As 100 horas de formación esixidas para as novas mediadoras e mediadores do AGA distribúense do seguinte xeito:

1. Curso de técnicas básicas de mediación (16 horas). Este curso segue o esquema do curso formativo que se imparte no SERCLA. Forman parte do profesorado o secretario xeral do CARL, Eduardo Candau Camacho, e unha persoa do equipo de formación do SERCLA. As persoas destinatarias do curso serán designadas polas organizacións asinantes do AGA e a Comisión Paritaria deberá prestar a súa conformidade coa súa designación antes da realización do curso. O número de participantes é de 18 persoas, 9 pola CEG e 3 por cada unha das organizacións sindicais. Este curso básico ten como obxectivo principal que as persoas participantes adquiran as competencias e habilidades necesarias para comezar o seu labor de mediación con garantías de éxito e que coñezan o funcionamento básico do sistema de solución extraxudicial de conflitos laborais en Galicia (AGA). O curso impartirase en 2 días consecutivos, durante 8 horas cada día.

2. Formación sobre o novo AGA (19 horas). Este curso versará sobre o contido e as materias do ámbito obxectivo do AGA e as súas especificidades, así como sobre as cuestións formais dos procedementos de mediación e arbitraxe que nel se contemplan. Impartirase por unha ou máis persoas do equipo redactor do novo texto do AGA, que exercen a súa docencia na Universidade de Vigo.

3. Curso teórico práctico (30 horas). O Servizo de Solución de Conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais xestionará que as novas persoas mediadoras -que xa realizaron os cursos de formación anteriores- acompañen a outras persoas actúantes, que xa exercen a mediación en conflitos laborais ao abeiro do AGA, no número de xuntanzas necesarias ata acadar as 30h. Esta formación non será retribuída.

4. Curso práctico (35 horas). O Servizo de Solución de Conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais xestionará que as novas persoas mediadoras -que xa teñen feito os cursos de formación anteriores- acompañen a outras persoas que exercen xa a mediación en conflitos laborais ao abeiro do AGA no número de xuntanzas necesarias ata acadar as 35h. As persoas participantes neste curso práctico poderán percibir, como compensación pola súa asistencia ás xuntanzas de mediación, unha indemnización equivalente ao 40% da percibida pola persoa mediadora (neste importe entenderanse incluídos os gastos de desprazamento).

Unha vez rematada a formación, o propio Consello Galego de Relacións Laborais emitirá o correspondente título, que habilitará á persoa que o recibe a para exercer a mediación (incluída a intraxudicial) e a arbitrase ao abeiro do AGA.

B) FORMACIÓN DAS PERSOAS QUE XA SON MEDIADORAS DO AGA

As 100 horas de formación esixidas para as persoas que xa exercen a mediación no AGA xustificaranse do seguinte xeito:

1. Curso de formación sobre o novo AGA (19 horas). Este curso versará sobre o contido e as materias do ámbito obxectivo do AGA e as súas especificidades, así como sobre as cuestións formais dos procedementos de mediación e arbitrase que nel se contemplan. Impartirase por unha ou máis persoas do equipo redactor do novo texto do AGA, que exercen a súa docencia na Universidade de Vigo.

2. Formación teórico-práctica (81 horas). Para aquelas persoas que xa teñan experiencia real de ata 100 horas ou máis como mediadoras do AGA, a formación teórica e práctica acreditarase coa xustificación do número de horas de experiencia nas mediacións ao abeiro do AGA, con base no informe do Servizo de Solución de Conflitos sobre o número de expedientes de mediación nos que teñen actuado, no que figurarán igualmente o número de xuntanzas realizadas en cada mediación.

Non poderán acceder a este título as persoas que, a pesares de estar na listaxe, non exerceron nunca a mediación (ou non teñen unha experiencia que xustifique a expedición do documento). Neste caso, estarán obrigadas a realizar os cursos esixidos anteriormente ata acreditar as 100 horas de formación.

C) FORMACIÓN CONTINUA DAS PERSOAS MEDIADORAS

As persoas que integren o rexistro de actantes do AGA teñen que estar ao día dos novos cambios legislativos e ter unha información actualizada das sentenzas dos Xulgados e Tribunais que podan afectar ao desempeño do seu labor de mediación. Por isto, estímase que é necesaria unha formación continua en dúas liñas:

1. Formación continua en técnicas e estratexias. Realizar un curso periódico de actualización.
2. Formación continua en contidos. Os conflitos individuais requiren estar ao día na lexislación e actualidade xurisprudencial nas materias

do ámbito obxectivo, dado o carácter xurídico dos temas. Proponse encargar á universidade (podería ser un grupo formado por 3 persoas, unha da UVigo, outra da USC e outra da UDC) unha serie de cursos periódicos de actualización unha ou dúas veces ao ano, segundo as modificacións legais ou interpretacións xudiciais que vaian xurdindo.



Primeira Promoción Curso Mediación ODR. xuño 2020

A PROMOCIÓN DO DEBATE SOCIAL

- Cursos e outras actividades formativas
- Publicacións

Na súa labor de promoción do debate social, o Consello Galego de Relacións Laborais realiza todos os anos actividades de formación e divulgación de materias relacionadas co eido laboral.

Debido á situación de pandemia que estamos a vivir todas estas actividades realizáronse de xeito non presencial, combinando distintas modalidades docentes, en directo (mediante plataformas telemáticas) e en diferido, coa posta a disposición das persoas participantes dos materiais de estudo.

De toda esta actividade infórmase de xeito sucinto a continuación.

CURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

Curso de formación de negociación colectiva e individual no ámbito laboral

O Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Vigo asinaron o 18 de xuño de 2020 o convenio de colaboración para a realización da III edición do Curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral. A duración foi de 64 horas lectivas de setembro a decembro.

Cursos para persoas con tarefas de mediación laboral

En primeiro lugar, realizouse un curso formativo totalmente a distancia para capacitación en mediación ODR (Online Dispute Resolution), dirixido ás persoas que xa estaban a exercer a mediación e figuraban no actual rexistro de actuantes do AGA.

Desenvolvéronse ademais unha serie de cursos destinados á formación de novas persoas mediadoras: un curso de iniciación (17 horas); un curso sobre o novo texto do AGA (19 horas); e un curso teórico-práctico (30 horas). A formación completárase con 30 horas de práctica, ata acadar as 100 horas que esixe o convenio asinado entre o CGRL e o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Webinarios para analizar cuestións de actualidade laboral e a promoción do debate social

En 2020 realizáronse unha serie de webinarios sobre temas de actualidade:

- “Tardes de actualidade laboral”, en colaboración coa USC, todos os mércores dende o 7 de outubro ao 16 de decembro (agás o 9 de decembro) para levar a cabo unha das funcións asignadas ao Consello Galego de Relacións Laborais que é a

de promover, da man de profesionais expertos e dun xeito riguroso e profundo, a participación en debates vinculados coa análise e a difusión de cuestións actuais de interese relacionadas co Dereito Laboral. Participaron como relatores persoas da cátedra e do profesorado de diversas universidades españolas (Javier Gárate Castro, Yolanda Maneiro Vázquez e José María Miranda Boto da USC; Susana Rodríguez Escanciano da Universidade de León; Guillermo Barrios Baudor, da Universidade Rei Juan Carlos e Juan García Blasco da Universidade de Zaragoza. Do Tribunal Supremo, Sala do Social, participaron a maxistrada Lourdes Arastey Sahún e o maxistrado Antonio Vicente Sempere Navarro, xunto a Emilio Fernández de Mata, maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Clausurou o webinar a catedrática e presidenta emérita do Tribunal Constitucional, María Emilia Casas Baamonde.

Desde o Consello e a USC buscouse achegar ás persoas asistentes (procedentes todas de diversos colectivos vinculados coa materia de Dereito e Relacións Laborais) novidades sobre o marco legal dos temas obxecto de exposición, analizar a xurisprudencia e a doutrina xudicial máis destacada e a incidencia do Dereito social da Unión Europea sobre a lexislación laboral española, así como, de ser o caso, ofrecer algunha solución fronte aos problemas que presenta a aplicación das novas normas laborais.

TARDES DE ACTUALIDADE LABORAL	
Organiza: CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE DEREITO Dirección da xornada: Marisa Peña Cebreiro (CGRL) Javier Gárate Castro (USC) Coordinación e codirección: Yolanda Maneiro Vázquez (USC) Persoas destinatarias Organizacións empresariais e sindicais Avogados/as Graduados/as sociais Profesionais vinculados coa materia de Dereito e Relacións Laborais  	Estrutura das conferencias - Breve presentación - Conferencia: 45 minutos - Coloquio 7 de outubro: JAVIER GÁRATE CASTRO Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social Universidade de Santiago de Compostela Análise da lexislación española á luz do novo réxime europeo do desprazamento de traballadores no marco dunha presentación de servizos (Directiva (UE) 2018/957) 14 de outubro: SUSANA RODRÍGUEZ ESCANCIANO Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de León O teletraballo e as súas fontes de regulación. Especial consideración da autonomía colectiva 21 de outubro: JUAN GARCÍA BLASCO Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Zaragoza; membro do Consello Económico e Social Cuestións actuais sobre o tempo de traballo e o control horario 28 de outubro: YOLANDA MANEIRO VÁZQUEZ Profesora contratada doutora da Universidade de Santiago de Compostela A discriminación laboral por asociación 4 de novembro: GUILLERMO BARRIOS BAUDOR Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade Rey Juan Carlos O dereito á desconexión dixital 11 de novembro: LOURDES ARASTEY SAHÚN Maxistrada da Sala do Social do Tribunal Supremo A mediación laboral 18 de novembro: JOSÉ MARÍA MIRANDA BOTO Profesor contratado doutor da Universidade de Santiago de Compostela Criterios para unha apropiada transposición española da Directiva (UE) 2019/1152, relativa a unhas condicións de traballo transparentes e previsibles na Unión Europea 25 de novembro: ANTONIO VICENTE SEMPERE NAVARRO Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Supremo e Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social Novidades máis destacadas da xurisprudencia da Sala do Social do Tribunal Supremo 2 de decembro: EMILIO FERNÁNDEZ DE MATA Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Novidades máis destacadas da doutrina xudicial da Sala do Social do TSX de Galicia 16 de decembro: MARÍA EMILIA CASAS BAAMONDE Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social e Presidenta emérita do Tribunal Constitucional Conferencia de Clausura

WEBINAR- TARDES
Actualidad Laboral

- “Problemas actuais en materia de xornada de traballo”, o 3 de decembro, organizado polo CGRL e a Facultade de Ciencias do Traballo da UDC, no que participaron como relatoras as catedráticas de Dereito do Traballo da Universidade de Oviedo, Carolina Martínez Moreno e da Autónoma de Madrid, Magdalena Nogueira Guastavino, xunto á maxistrada do TSXG, Isabel Olmos Parés e a inspectora de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra, Emma Vázquez Fernández.

Dirección
Marisa Peña Cebreiro, presidenta en funcións do Consello Galego de Relacións Laborais

María Asunción López Arranz, profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Facultade de Ciencias do Traballo da Coruña. Campus de Ferrol.

Colaboración
Jesús Vázquez Forno, director da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña

Coordinación
Tino Vileta Sánchez, xerente do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

Colectivos destinatarios

- Organizacións empresariais e sindicais
- Avogados/as e Graduados/as Sociais
- Profesionais vencellados coa materia e persoas interesadas
- Alumnas e alumnos da Facultade de Ciencias do Traballo e, en xeral, da Universidade da Coruña

Inscripcións
As inscricións, que serán gratuítas, tramitaranse por orde de solicitude, do 25 de novembro ata as 14:00h do 3 de decembro de 2020, a través da páxina web do Consello: <https://www.cgri.gal/>

Número de prazas
Prazas limitadas ata o remate do prazo de inscrición

Diploma
Entregarase un diploma online acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade do webinar.

“PROBLEMAS ACTUAIS EN MATERIA DE XORNADA DE TRABALLO”



Información

Consello Galego de Relacións Laborais
Tfno. 981 957 489
e-mail: formacion.cgri@xunta.gal

Facultade de Ciencias do Traballo
Universidade da Coruña
Tfno. 981 337 400. Ext. 3577

Inscripcións
Web do Consello Galego de Relacións Laborais
<https://www.cgri.gal/>

As conferencias e o debate posterior cos relatores e relatoras realizaranse a través da plataforma Zoom, para o que será necesario que as persoas participantes descarguen esta aplicación no dispositivo co que accederán ao Webinar.




WEBINARS CGRL 2020

“PROBLEMAS ACTUAIS EN MATERIA DE XORNADA DE TRABALLO”



3 de decembro de 2020





WEBINAR CGRL 2020

- “A nova regulación do traballo a distancia e a desconexión dixital”, o 10 de decembro, organizado polo CGRL e o Colexio de graduadas e graduados sociais da Coruña e Ourense, coa colaboración da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, na que participaron como relatores os catedráticos Guillermo Barrios Baudor e Susana Rodríguez Escanciano xunto ao inspector de Traballo e Seguridade Social, Benigno Sánchez García e o maxistrado Emilio Fernández de Mata.

Dirección
 María Peña Cebreiro
 Presidenta en funcións do Consello Galego de
 Relacións Laborais

Susana Soneira Lema
 Presidenta do Colexio de Graduados Sociais da
 Coruña e Ourense

Colaboración
 Jesús Vázquez Forno
 Director da Escola Universitaria de Relacións
 Laborais da Coruña

Persoas destinatarias:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Avogados/as e Graduados/as Sociais
- Profesionais vencellados coa materia e
 persoas interesadas
- Estudantes da Universidade da Coruña

Inscripcións:
 As inscricións, que serán gratuítas, tramitaranse
 por orde de solicitude, do 25 de novembro ata o
 9 de decembro de 2020, a través do correo
 electrónico formacion.cgri@xunta.gal

Número de prazas:
 Prazas limitadas ata o remate do prazo de
 inscrición

Diploma:
 Entregarase un diploma online acreditativo ás
 persoas participantes que asistan á totalidade do
 webinar.

**"A NOVA REGULACIÓN DO
 TRABALLO A DISTANCIA E
 A DESCONEXIÓN DIXITAL"**

Información

Consello Galego de Relacións Laborais
 Tfno. 981 957 489

Colexio de Graduados Sociais da Coruña e
 Ourense
 Tfno. 981 151 876

Escola Universitaria de Relacións Laborais da
 Coruña
 Tfno. 981 248 080

Inscripcións
 e-mail: formacion.cgri@xunta.gal

As conferencias e o debate posterior cos
 relatores e relatoras realizaranse a través da
 plataforma Zoom, para o que será necesario
 que as persoas participante a descarguen no
 dispositivo co que accederán ao Webinar

WEBINARS CGRL 2020

**"A NOVA REGULACIÓN DO
 TRABALLO A DISTANCIA E
 A DESCONEXIÓN DIXITAL"**



10 de Decembro 2020

WEBINAR CGRL 2020

- “As plataformas dixitais como nova realidade no mundo do traballo”, o 17 de decembro, organizado polo CGRL e a Facultade de Ciencias do Traballo da UDC, no que participou o maxistrado da Sala do Social do Tribunal Supremo, JUAN MOLINS GARCIA-ATANCE, quen foi ponente da coñecida sentenza do 25 de setembro de 2020, en que se declara que hai relación laboral no caso das persoas que traballan para empresas de reparto que empregan plataformas dixitais.

Dirección da xornada:
 Marisa Peña Cebreiro, presidenta en funcións
 do Consello Galego de Relacións Laborais

María Asunción López Arranz, profesora de
 Dereito do Traballo e da Seguridade Social da
 Facultade de Ciencias do Traballo da Coruña.
 Campus de Ferrol.

Coordinación
 Tino Vieses Sánchez, xerente do Colexio de
 Graduados Sociais da Coruña e Ourense

Número de prazas:
 Prazas limitadas ata o remate do prazo de
 inscricións

Persoas destinatarias:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Avogados/as e Graduados/as Sociais
- Profesionais vencellados/as coa materia e
 persoas interesadas
- Alumnos e alumnas da Facultade de
 Ciencias do Traballo e, en xeral, da
 Universidade da Coruña

Inscripcións:
 As inscricións, que serán gratuítas,
 tramitaranse por orde de solicitude, ata
 rematar a data de inscrición, do 7 ata o 17 de
 decembro de 2020, na web do Consello Galego
 de Relacións Laborais
<https://www.cgri.gal/>

Diploma:
 Entregarase un diploma online acreditativo ás
 persoas participantes que asistan á totalidade
 do webinar.

**"AS PLATAFORMAS DIXITAIS
 COMO NOVA REALIDADE NO
 MUNDO DO TRABALLO"**

Información

Consello Galego de Relacións Laborais
 Tfno. 981 957 489

Facultade de Ciencias do Traballo
 Universidade da Coruña
 Tfno. 981 337 400
 Ext. 3577

Inscripcións
 Web do Consello Galego de Relacións Laborais
<https://www.cgri.gal/>

As conferencias e debate posterior cos
 relatores e relatoras realizaranse a través
 da plataforma Zoom, para o que será
 necesario que as persoas participantes a
 descarguen no dispositivo co que accederán
 ao Webinar.

WEBINARS CGRL 2020

**"AS PLATAFORMAS DIXITAIS
 COMO NOVA REALIDADE NO
 MUNDO DO TRABALLO"**



17 de decembro de 2020
 Facultade de Ciencias do
 Traballo

WEBINAR CGRL 2020

- “A nova normativa en materia de igualdade: o RD 901/2020 e o RD 902/2020”, o 15 de decembro, organizado a proposta da CCAINC, polo CGRL e o Colexio de Graduados sociais da Coruña e Ourense, en colaboración coa Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña e a Facultade de Ciencias do Traballo da UDC, no que participaron como relatoras as profesoras de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo, Belén Fernández Docampo e Marta Fernández Prieto e as expertas en igualdade nas relacións laborais, María Angeles García Pérez e Lucía Rial Pampín.




WEBINAR CGRL 2020

Seminarios web para cadros empresariais e sindicais

Os seminarios son cursos prácticos, de 12 horas lectivas, dirixidos a estruturas empresariais e sindicais de Galicia, cun número máximo de 24 participantes en cada edición. En 2020 realizáronse dúas edicións do “Seminario de inmersión dixital para procedementos on line e telemáticos en negociación laboral” e unha edición do seminario sobre o novo texto do AGA.

- “Seminario de inmersión dixital para procedementos on line e telemáticos en negociación laboral”. Utilizáronse ferramentas telemáticas para a negociación laboral online co obxectivo de avanzar nas técnicas de negociación laboral e no desenvolvemento de habilidades para a xestión dos conflitos laborais. Impartiu as dúas edicións do seminario o Equipo de Formación e Mediación Laboral ODR integrado por Antonio Oteros Díaz, José Antonio Gallardo Navarro e José Luis Silva, mediadores do SERCLA.
- “Seminario sobre o novo texto do AGA”. Analizou o contido e as materias do ámbito obxectivo do texto do AGA e as súas especificidades, así como sobre as cuestións formais dos procedementos de mediación e arbitraje que se contemplan no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo- AGA. Impartiuse polas catro persoas do equipo redactor do novo texto do AGA, que exercen a súa docencia na Universidade de Vigo: Jaime Cabeza Pereiro, Emma Rodríguez Rodríguez, Nora Martínez Yáñez e Rosa Rodríguez Martín-Retortillo.



Inmersión dixital na negociación laboral online.
Promoción Outubro 2020

LUNS 2 DE NOVIEMBRE. O AGA RASOOS XERAIS. TIPOS DE CONFLICTOS	
DATA E LUGAR DO CURSO	16:00-18:00. D. Jaime Cabeza Pereiro Catedrático de Dereito do Traballo e de Seguridade Social da Universidade de Vigo.
2-3-4 de novembro de 2020.	19:00-20:00. Mediación en conflitos individuais D ^a . Emma Rodríguez Rodríguez Profesora Contratada Docente de Dereito do Traballo e de Seguridade Social da Universidade de Vigo (acreditada a Profesora Titular).
Lugar: Sala virtual do CGRL.	MARTES 3 DE NOVIEMBRE. A MEDIACIÓN NOS CONFLICTOS INDIVIDUAIS E COLECTIVOS
HORARIO	16:00-18:00. Prof ^a . Dra. D ^a . Emma Rodríguez Rodríguez 18:00-20:00. Prof. Dra. D ^a . Nora Martínez Yáñez Profesora Contratada Docente de Dereito do Traballo e de Seguridade Social da Universidade de Vigo (acreditada a Profesora Titular).
De 18:00 a 20:00.	MÉRCORES 4 DE NOVIEMBRE. MEDIACIÓN E ARBITRAJES
12 horas lectivas	16:00-17:00. Prof. Dra. D ^a . Nora Martínez Yáñez 17:00-20:00. D ^a . Rosa Rodríguez Martín-Retortillo Profesora Asociada Docente de Dereito do Traballo e de Seguridade Social da Universidade de Vigo (acreditada a Profesora Contratada Docente).

Programa Seminario AGA

De toda esta actividade damos unha información de carácter máis cuantitativo no cadro que figura a continuación.

ACTIVIDADES FORMATIVAS 2020

	NOME DA ACTIVIDADE	DURACIÓN	PARTICIPANTES		
			TOTAL	MULLERES	HOMES
CURSOS	Curso de formación en mediación laboral ODR	17 de xuño ao 2 de xullo, 16 h.	20	14	6
			20	14	6
	Curso de formación en mediación para novas persoas mediadoras (100 horas)*:				
	1- Curso de formación para a mediación laboral: taller para novos mediadores	do 6 ao 22 de xullo, 15 h.	12	9	3
	2- Curso sobre o novo AGA: novidades e especialidades na solución de conflitos laborais	do 7 ao 11 de setembro, 19 h.	16	12	4
	3- Curso teórico-práctico de especialización en materia laboral ODR	do 13 de outubro ao 9 de novembro, 30 h.	14	10	4
	4- Formación práctica (para completar as 100 horas esixidas)	(35 h.)	12	9	3
			54	40	14
	III curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral (UVIGO)	setembro-décembro 64 h. lectivas	30	17	13
			30	17	13
			104	71	33
webinarios	Tardes de actualidade laboral (do 7 de outubro ao 16 de decembro):				
	Análise da lex. española á luz da directiva (UE) 2018/957	7 de outubro	81	43	38
	O teletraballo e as súas fontes de regulación	14 de outubro	77	44	33
	Cuestións actuais sobre o tempo de traballo e o control horario	21 de outubro	73	38	35
	A discriminación laboral por asociación	28 de outubro	79	43	36
	O dereito á desconexión dixital	4 de novembro	59	32	27
	A mediación laboral	11 de novembro	70	39	31
	Criterios para unha apropiada transposición española da directiva (UE) 2019/1152	18 de novembro	63	31	32
	Novidades máis destacadas da xurisprudencia da Sala do social do TS	25 de novembro	59	29	30
	Novidades máis destacadas da doutrina xudicial da Sala do social de TSX de Galicia	2 de decembro	85	44	41
	Conferencia de clausura	16 de decembro	48	27	21
			694	370	324
	Problemas actuais en materia de xornada de traballo	3 de decembro	142	91	51
	A nova regulación do traballo a distancia e a desconexión dixital	10 de decembro	132	80	52
	A nova normativa en materia de igualdade: o RD 901/2020 e o RD 902/2020	15 de decembro	68	49	19
	As plataformas dixitais como nova realidade no mundo do traballo	17 de decembro			
			342	220	122
			1.036	590	446
seminarios web para cadros empresariais e sindicais	Inmersión dixital para procedementos online e telemáticos en negociación laboral (1ª ed.)	do 28 de setembro ao 9 de outubro	24	12	12
	Inmersión dixital para procedementos online e telemáticos en negociación laboral (2ª ed.)	do 2 ao 11 de decembro	21	12	9
	O novo texto do AGA	2,3 e 4 de novembro	21	11	10
			66	35	31
			66	35	31
	Total participantes		1.206	696	510

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS

Revista galega de dereito social

A Revista Galega de Dereito Social é unha publicación científica do Consello Galego de Relacións Laborais, dirixida a difundir entre os colectivos docentes, investigadores e profesionais interesados no mundo laboral a actualidade legal, xurisprudencial e doutrinal na materia, con especial incidencia no marco galego de relacións laborais. Segue a filosofía do acceso aberto ao coñecemento xurídico, promovendo ademais a creación de textos xurídico-laborais en galego, para consolidar o seu uso técnico.

É a única publicación científica na materia dispoñible en internet en lingua galega. Os pdf da revista inclúen no mesmo arquivo as dúas versións lingüísticas dos artigos, primeiro en galego e despois en castelán. Ten unha periodicidade semestral. O Consello de Redacción, de forma excepcional, poderá aprobar a publicación dun número extraordinario de carácter monográfico, a instancia do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais.

A selección dos autores e autoras realízase a secretaria da Revista, Yolanda Maneiro Vázquez, profesora contratada doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela, atendendo ás consideracións manifestadas polo Consello, particularmente na procura dun equilibrio de xénero na escollo.

A publicación estrutúrase nunha serie de apartados fixos:

- Tribuna, sobre algún tema actual de interese.
- Doutrina, que incluírá dous ou tres artigos doutriniais.
- Observatorio xurisprudencial, con comentarios a sentenzas dos distintos tribunais, repartidas en tres áreas: dereitos individuais, dereitos colectivos e seguridade social.
- Observatorio da negociación colectiva, con datos semestrais sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, facilitados polo Consello Galego de Relacións Laborais.
- Reseñas e recensións sobre dúas ou tres publicacións de carácter laboral.

A dirección e a subdirección da revista están a cargo das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral do Consello. Este ano 2020 estivo a cargo de ambas Marisa Peña Cebreiro, secretaria xeral e presidenta en funcións do organismo.

MEDIACIÓN: UN CAMBIO DE PARADIGMA NECESARIO PARA A MELLORA DA RELACIÓN LABORAL DENDE A ÓPTICA INDIVIDUAL

MARÍA LOURDES ARASTÉY SAHÚN
Maxistrada (Sala Social)
Tribunal Supremo de España
ml.astrey@poderjudicial.es

RESUMO

O uso dos Mecanismos Alternativos/Alternos de Solución de Conflitos (MASC) – ADR en inglés- consolidouse en todo o espectro internacional como unha política eficaz para que os cidadáns obteñan unha resposta rápida e satisfactoria ás súas disputas.

A eficacia e utilidade destes métodos revélase dende distintas ópticas: a) abaratamento do conflito e do proceso de resolución; b) maior celeridade na obtención da resposta á disputa; c) maior satisfacción para as partes implicadas; d) alivio da carga dos tribunais.

A iso haberán de engadirse ademais algunhas outras que inciden de maneira moi especial naquelas relacións xurídicas que se caracterizan por unha natureza sinalagmática expresada con duración no tempo. Así sucede coa relación laboral nada do contrato de traballo, á que se van dirixir estas reflexións. A diferenza do que ocorre coas obrigas de execución instantánea, o tracto sucesivo do contrato de traballo –unido ao seu carácter persoalísimo (en relación cunha das súas partes)- acrecenta a necesidade da salvagarda da saúde da propia relación e da garantía do seu desenvolvemento pacífico.

Palabras chave: Mediación; diálogo; tutela xudicial.

Unha das características máis destacables da Revista é a súa dispoñibilidade en internet e en acceso aberto. Tamén está incluída na base de datos Dialnet, e as novidades de contido e outra información xurídico-laboral de relevancia vencellada á mesma poden ser consultadas nas redes sociais. Actualmente a Revista está magnificamente posicionada e ten unha boa parte dos máximos recoñecementos aos que pode aspirar unha revista xurídica. As máis de 50.000 visitas que tivo nos últimos 5 anos son unha proba rotunda do seu éxito.

En 2020 publicáronse dous números: o 10, editado en xullo, e 11, que saíu o 22 de decembro. O contido de ambos pode consultarse directamente na web da revista:

<http://www.revistagalegadereitosocial.gal/index.php/RGDS/index>

Informe sobre a situación da negociación colectiva en Galicia en 2016-2017

O informe anual sobre a situación da negociación colectiva na Comunidade Autónoma de Galicia vense realizando practicamente desde a creación do Consello Galego de Relacións Laborais e publícase, polo xeral, no segundo semestre do ano seguinte ao de referencia.


No segundo trimestre de 2020 editouse o informe correspondente aos anos 2016-2017. Editouse en formato dixital e pode consultarse directamente na web do Consello: <https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/informes-anuais-de-negociacion-colectiva/>

Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2019

Cumprindo co mandato previsto na súa lei reguladora, o Consello dá conta anualmente da situación sociolaboral da nosa comunidade a través dun exhaustivo informe, que se vén publicando dende o ano 1992.

En 2020 editouse o Informe da situación sociolaboral correspondente ao ano 2019.

<https://www.cgrl.gal/informe-sociolaboral-2019/>



Boletín de negociación colectiva

Dende 2009, primeiro ano de funcionamento do Observatorio Galego de Negociación Colectiva como órgano colexiado adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais, o persoal do organismo

elabora un boletín que se publica con carácter trimestral e que analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva en Galicia: número de convenios colectivos existentes, os asinados e revisados, número de convenios asinados por primeira vez, incremento salarial pactado, xornada media pactada, convenios que conteñen cláusulas de revisión salarial e pactos de ultraactividade e máis datos de interese. Analiza tamén a negociación colectiva estatal con aplicación en Galicia.

Xunto ao estudo da evolución da negociación colectiva, o boletín contén tamén os datos de interese sobre os principais indicadores económicos de Galicia.

En 2020 editáronse catro números.

Boletín de negociación colectiva

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>




Boletín de información sociolaboral

Este boletín recolle con periodicidade trimestral os últimos datos de poboación, emprego, sinistralidade ou conflitividade laboral, entre outros datos significativos que inciden na situación sociolaboral, e pretende poñer a disposición das persoas interesadas no mercado laboral unha ferramenta para o coñecemento máis axeitado do noso entorno.

En 2020 editáronse catro números deste boletín.

Boletín de información sociolaboral

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>



As 35 preguntas e respostas sobre plans de igualdade

Esta publicación figuraba como Anexo I na edición da Guía de boas prácticas, adaptada ao RDL 6/2019.

A separata publicouse en formato dixital a comezos de 2020 e pode consultarse en:

https://www.cgri.gal/wp-content/uploads/2020/01/separata-35_Preguntas_e_Respostas_Sobre_Plans_de_Igualdade.pdf

Todas as publicacións do Consello poden consultarse na web:

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/>

ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DIFUSIÓN DO LABOR DO CGRL



Neste ano, debido á pandemia, foron suspendidas a maioría de actividades institucionais e de difusión do labor dos organismos vinculados coas relacións laborais. Non obstante, houbo dous eventos que se realizaron de difusión do labor do Consello e dúas ceremonias de Saúdo en Santiago de Compostela nos que participou a presidenta en funcións do Consello, dos que damos sucinta conta deseguido:

- **“Saúdo ás súas Maxestades Os Reis de España”** o 25 de xullo en Santiago de Compostela.
- **“Saúdo ao Delegado Rexio D. Alberto Núñez Feijóo**, que terán lugar os vindeiros días mércores, 30 de decembro, con motivo do acto de Traslación dos restos do Apóstolo Santiago e o xoves, 31 de decembro, con motivo da Solemne Apertura da Porta Santa da Catedral de Santiago de Compostela.
- **“VIII Encontro de Consellos autonómicos de relacións laborais”**, que tivo lugar de xeito presencial os días 26 e 27 de febreiro en Valencia. O Consello participou no primeiro panel, que levaba por título *“La Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos (CCNCC) y Consejos Autonómicos: experiencias y avances (Solución autónoma de conflictos laborales individuales; Planes de Igualdad; Asesoramiento a la Negociación y apoyo a las Comisiones Paritarias; Formación para la Negociación)”*.
- **“Congreso sobre la mediación como solución a los conflictos laborales”**, organizado pola Fundación do Instituto Laboral da Comunidade de Madrid en colaboración coa Fundación General da Universidade Complutense, que tivo lugar de xeito telemático os días 27, 28 e 29 de outubro. Neste congreso participou a presidenta en funcións e secretaria xeral do Consello, Marisa Peña Cebreiro, na mesa redonda sobre *“Mediación Laboral no marco das comunidades autónomas”*, xunto ao Consello Andaluz de Relacións Laborais, a Fundación para as Relacións Laborais de Cantabria e o Servizo de Mediación e Arbitraje de Aragón.



VIII Encontro Consellos RRLL. Valencia

ORZAMENTO DO CONSELLO



DESCRIPCIÓN ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO	CRÉDITO EXECUTADO
Arrendamentos	9.500,00	6.010,41
Reparacións, mantemento e conservación	7.489,00	4.615,60
Material de oficina	9.491,00	6.422,41
Subministracións	8.851,00	4.871,29
Comunicacións	2.477,00	699,40
Gastos diversos	4.735,00	4.735,00
Reunións e conferencias	81.017,00	45.745,73
Limpeza e aseo	11.778,00	10.228,67
Seguridade	16.065,00	14.748,64
Estudios e traballos técnicos	27.700,00	27.436,52
Remuneracións a axentes mediadores	40.725,00	35.107,44
Publicacións	8.496,00	3.643,90
Indemnizacións por razón do servizo	7.418,00	1.294,43
Outras indemnizacións	201.138,00	201.138,00
Total gastos servizos exteriores	436.880,00	366.697,44
Transferencia a USC curso formativo	14.000,00	0,00
Transferencia a UVigo curso negociación laboral	14.000,00	12.910,00
Transferencia a UDC curso negociación laboral	14.000,00	0,00
Total transferencias correntes	42.000,00	12.910,00
Orzamento de capital	18.669,00	18.669,00
Retribucións básicas, soldos e complementos	566.511,00	398.540,83
Seguridade Social e Fondo Retributivo	129.385,00	87.520,17
Total orzamento de persoal	695.896,00	486.061,00
TOTAL ORZAMENTO	1.193.445,00	889.337,44



XUNTA
DE GALICIA



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS